

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

ANUNCIO do 3 de novembro de 2014 polo que se someten ao trámite de información pública os mapas estratéxicos de ruído dalgunhas estradas da Rede Autonómica de Galicia da zona de Santiago de Compostela.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a promover a segunda fase dos mapas estratéxicos de ruído das vías pertencentes á Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Estes mapas deséñanse para avaliar globalmente a exposición ao ruído nunha zona determinada debido á existencia de distintas fontes de ruído, realizar predicións globais na dita zona e así mellorar a calidade acústica no noso contorno.

Por todo isto, e de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a citada lei, e no Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o real decreto anterior, sométense á información pública os mapas estratéxicos de ruído das estradas que a seguir se relacionan:

Estrada	Zona de Santiago de Compostela	Treito/s	Clave	Concello/s
AG-56	A Rocha (SC-20)-Brión (AC-543)	0+000 ao 12+320	AC/13/039.09.1	Santiago de Compostela, Ames, Brión
AG-59	Santiago de Compostela (AP-53)-Pontevea (AC-841)	0+000 ao 4+390	AC/13/039.09.2	Teo
AC-543	Vidán (rotonda de Brandía)-Noia (AC-550)	6+040 ao 7+280	AC/13/039.09.3	Ames
AC-544	Bertamiráns (AC-543)-Negreira (AC-546)	0+000 ao 8+000	AC/13/039.09.4	Ames, Brión, Negreira

A duración da información pública será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, período en que poderán ser examinados polas persoas que o desexen, co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou suxestións que consideren oportunas.

A exposición ao público, para os efectos do presente anuncio, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela) e nas respectivas casas dos concellos. Así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambien-



te, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas) está á disposición dos interesados o documento completo de cada un dos treitos referenciados.

Por outra banda, as observacións deberán enviarse á Axencia Galega de Infraestruturas ou poderán ser remitidas a través do seguinte enderezo de correo electrónico: mapas-ruido.infraestruturas@xunta.es, indicando claramente a actuación á cal van dirixidas e os datos persoais (nome e apelidos, NIF/CIF, enderezo de notificación, número de teléfono e enderezo de correo electrónico) da/s persoa/s interesada/s.

O que se fai público para xeral coñecemento en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2014

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: qb3yvtu1-asb6-jb32-7kl6-urt0kaiodps0

